

UD 9. O AUXE DOS TOTALITARISMOS

1. CRISE DA DEMOCRACIA EN EUROPA

1.1. EXACERBACIÓN DO NACIONALISMO

- Diferentes actitudes nacionais despois da PGM:
 - Orgullo pola vitoria (Francia, Bélxica).
 - Desilusión (Italia).
 - Humillación e resentimento (Alemaña).
 - Tensións por fronteiras (Polonia-Lituania, Hungría-Romanía).
 - Minorías étnico-lingüísticas.

1.2. CRECEMENTO DO MILITARISMO

- Crecente influencia dos militares → Represión de protestas.
→ Represión de intentos revolucionarios de esquerdas.
- Extensión da idea da patria ameazada ⇒ O exército aparece como salvador e garante da estabilidade do Estado.

1.3. DESCOMPOSICIÓN DO SISTEMA PARLAMENTARIO TRADICIONAL

- Sufraxio universal ⇒ Entrada das masas populares na vida pública.
↳ Os partidos políticos convértese en PARTIDOS DE MASAS.
- Alteración do tradicional sistema de partidos nos Estados liberais:
 - Fragmentación dos vellos partidos políticos (conservadores, liberais).
 - Auxe dos partidos socialistas.
 - Aparición de novas forzas políticas (comunistas, fascistas).
 ↳ Complexo panorama electoral ⇒ ningún partido consegue maiorías para gobernar.
- Necesidade de formar **coalicións** ⇒ Carácter circunstancial dos gobernos.
 - Centro-dereita: Goberno de coalición entre conservadores e liberais en Gran Bretaña (1918) ou conservadores e radicais en Francia (1919).
 - Centro-esquerda → Coalición de Weimar en Alemaña (1918) con socialdemócratas, liberais e católicos.
 - Goberno de laboristas e liberais en Gran Bretaña (1923).
 - Goberno de radicais e socialistas (Cártel de Esquerdas) en Francia (1925).
 - Goberno de unidade nacional: conservadores-liberais-socialistas en Gran Bretaña (1931).
 - Goberno de esquerdas: Frontes Populares en Francia e España (1936) con radicais, socialistas e comunistas.
- Escasa duración porque dominan os intereses particulares dos partidos ou dos seus líderes.
 - ↳ Inestabilidade ministerial
 - ↳ Debilidade e frecuentes cambios de goberno
 ⇒ {
 - Paralización da vida política.
 - Críticas ao sistema parlamentario.
- Partidos Socialistas nos gobernos: Alemaña (1918), Suecia (1920), Gr. Bretaña (1924), España (1931), Francia (1936).
 - ↳ Temor da burguesía á subversión da orde social.
 - ↳ Destaca o caso de SUECIA:
 - Goberno socialdemócrata na década de 1930.
 - Política baseada en {
 - Gravamen fiscal das rendas máis altas.
 - Intervención económica.
 - Protección social (pensións, subsidio de paro, asistencia sanitaria).
 - Prosperidade e paz social → Principio do “Estado do Benestar”.

1.4. APARICIÓN DE NOVAS FORZAS POLÍTICAS

1) COMUNISMO

- Década de 1920: Fundación dos PC, vinculados á III Internacional.
- A revolución proletaria é posible e inevitable pola crise do capitalismo.
- Propostas revolucionarias ⇒ Enfrontamento cos PS (partidarios de reformas graduais e da defensa do sistema democrático).
- Medo ao *perigo vermello*, á revolución social e á posible instauración dun réxime de tipo soviético
 - ⇒ Reforzamento do Estado.
 - ⇒ Recorte dos dereitos individuais.
 - ⇒ Parte da burguesía opta por solucións autoritarias ou fascistas.

2) FASCISMO

- Década de 1920-30: Aparición de organizacións paramilitares ou fascistas a imitación das organizacións italianas (FASCI) e alemáns (NAZI).
- Marchas e desfiles para presionar ás autoridades e modificar o sistema.

1.5. CRISES ECONÓMICAS E AUMENTO DAS TENSIÓNS SOCIAIS

- Graves crises que afectan á economía mundial: 1921 e 1929.
 - ↳ Forte aumento das taxas de paro.
 - ↳ Empeoramento das condicións de vida de obreiros, campesiños e sectores da pequena burguesía (funcionarios, comerciantes).
 - ↳ Aumento da conflitividade social: manifestacións, folgas...
 - ↳ Reivindicacións: máis salario, xornada de 8 horas, subsidio de paro, vacacións pagadas, lexislación social.
 - ↳ Aumento de afiliacións nos sindicatos.
 - ↳ Folgas xerais con carácter revolucionario por incluír medidas de carácter político.
- Descenso de beneficios da patronal → Peche de fábricas.
 - Apoio financeiro ás milicias fascistas que empregan a violencia para reventar as folgas ante a pasividade das autoridades públicas.

2. AUXE DOS FASCISMOS

2.1. TOTALITARISMO, FASCISMO E SISTEMAS AUTORITARIOS

- DITADURAS → Poder político concentrado nunha persoa o institución, sen garantía de dereitos individuais nin pluralidade política.
- TOTALITARISMO
 - Control do individuo polo Estado.
 - Partido único disciplinado e xerarquizado dirixido por un líder (ditador).
 - Control policial da poboación.
 - Concentración da propaganda polo Estado.
 - Dirección estatal da economía.
 - Apoio do exército.
- FASCISMO → Grupo político / Réxime e ideoloxía / Experiencias similares a Italia.
 - Ditadura unipersoal, partido único de masas, exaltación nacionalista, Estado corporativista.
 - Encadramento das masas na organización política con valores que pretenden cambiar o sistema.
- Antecedentes teóricos:
 - Darwinismo.
 - Nacionalismo → *Risorgimento*, Fichte.
 - Imperialismo → Panxermanismo.
 - Conexións co gran capital.
 - Manipulación da opinión pública.
 - Decadentismo → Spengler.
 - Distinción entre elite e masa.
- Interpretacións do fascismo:
 - a) Marxistas → Resposta do gran capital para defenderse dunha posible revolución que imite á soviética.
 - b) Socialistas → Consecuencia do descontento da gran e da pequena burguesía polas crises de 1921 e 1929.
 - c) Outros → Resentimentos nacionalistas despois da Gran Guerra (sentimento da patria ameazada).

CONDICIONANTES HISTÓRICOS

- A crise económica
 - Pensamento político da burguesía.
 - Falta unha forte tradición liberal.
 - Alemaña e Italia non teñen colonias.
 - Temor das clases superiores ao proletariado.
- Incidencia do gran capital
 - Vinculación co fascismo pero hai diversas opinións sobre a súa importancia.
- Aumento da forza das asociacións obreiras que hai que contrarrestar.
- Base social fascista
 - Industriais, militares, terratenentes.
 - Pequena burguesía.
 - Sector terciario.

2.2. CARACTERÍSTICAS COMÚNS DOS SISTEMAS FASCISTAS

a) Omnipotencia do Estado

- Todo se somete ao Estado, ao que quedan subordinados os dereitos individuais.
- Pobo: comunidade de vida e de destino con membros que se unen incondicionalmente nunha causa común.
- Os xerarcas interpretan o destino comunitario e debe haber sumisión ás súas decisións.
- Diferenzas entre os membros da comunidade ⇒ Cidadáns de primeira e de segunda categoría.
- Estado → Concentra o poder, monopoliza a verdade e rexeita as críticas.
 - Centralización da organización política, xurídica e ideolóxica.
 - Ao Estado sométese a vontade e a liberdade individual.
- O Estado é representado polo LÍDER, intérprete dos desexos das masas.

b) Sistema antidemocrático

- Negación dos principios liberais (igualdade individual, democracia, sufraxio universal)
- Desprezo ás institucións democráticas.

- Persecución de socialistas e comunistas por ser contrarios aos intereses da patria.

c) Recoñecemento das diferenzas entre individuos: supremacía das elites

- Xerarquización da sociedade ⇒ grupos superiores e inferiores.
- Goberno dunha minoría, a ELITE → mellor dotados e preparados, protagonistas da Historia.
→ obedecida polas masas.
- Diferenza de sexos → muller: cidadán de segunda clase.

d) Mesianismo: o líder indiscutible

- Xefe supremo que concentra todos os poderes → Encarna a vontade da Nación.
↳ “Super-home” con poder case sagrado, coñecido e venerado polo pobo.

e) Control ideolóxico e cultural

- Manipulación e monopolio da propaganda.
- Exaltación da irracionalidade da conduta humana.
- Planificación das manifestacións públicas ⇒ Afirmación do réxime e dos seus líderes.
- Control e censura dos intelectuais.
- Educación planificada ⇒ Modelos: soldado / nai de soldado
- Arte ao servizo do Estado: oficial, controlado, repetitivo.

f) Xustificación da violencia institucional

- Medio para eliminar a oposición (“inimigos” da patria).
- Partidos fascistas → Seccións especiais máis violentas.
↳ Chegada ao poder ⇒ Corpos estatais represivos.
- Exaltación da violencia ⇒ Glorificación da guerra e das súas virtudes.

g) Autarquía, dirixismo económico e apoio do gran capital

- Política económica autárquica → proteccionismo arancelario.
→ dirixismo económico do Estado.
- Propaganda anticapitalista.
- Respecto á propiedade privada.
- Apoio de algúns grandes empresarios.

h) Expansionismo ultranacionalista

- Forzas armadas → modelo organizativo para institucións políticas e sociais.
- Interese polo militarismo polas perspectivas de ganancia da expansión territorial.
- Ideas de “espazo vital” + intereses económicos ⇒ Política exterior agresiva.

i) A vítima propiciatoria

- Visión maniquea da sociedade ⇒ O Partido e a Raza deben combater ao inimigo externo:
↳ partidos de esquerdas.
↳ razas e pobos inferiores (xudeus, xitanos).
↳ outros grupos (distintas causas).

3. A ITALIA FASCISTA

3.1. O ASCENSO FASCISTA AO PODER

3.1.1. Factores que facilitaron a expansión do fascismo

- Tratados de paz da PGM → Humillación e resentimento.
→ Exaltación do nacionalismo e indignación patriótica.
- Problemas económicos → Crise de 1921 ⇒ Enfrontamentos sociais.
→ Medo á revolución social ⇒ A burguesía financia os fascios.
- Debilidade do poder político → Gobernos democráticos débiles, inestables e ineficaces.
→ División no Partido Socialista Italiano ⇒ Escisión dos comunistas.
→ Avance das propostas fascistas.
- 1917: Fundación do primeiro FASCIO DI COMBATTIMENTO.
↳ Violencia contra partidos e sindicatos de esquerdas.
- 1919-1920: **BIENIO VERMELLO**.
- 1919 → D’Annunzio entra en Fiume ao mando dunha pequena tropa de elite (*arditi*).
→ Tratado entre Iugoslavia e Italia que reconece a Fiume como “cidade libre” afiliada a Italia.
→ Creación dos **FASCI ITALIANI DI COMBATTIMENTO** formados por:
 - Sindicalistas revolucionarios.
 - Ex-socialistas convertidos ao nacionalismo extremo.
 - Marinetti e algúns futuristas.
 - Antigos membros do exército (*arditi*).
- 1920 → Antisocialismo e *squadristo*
↳ Extensión da violencia (1920-22).
→ Crecen os apoios financeiros ao fascismo: industriais, terratenentes rurais (*ras*).

3.1.2. A conquista do poder

- 1921 → GIOLITTI inclúe aos fascistas na coalición electoral gubernamental.
 - ↳ 35 fascistas entran no Parlamento.
 - Mussolini acepta a violencia e trata de organizar o movemento nun partido disciplinado.
 - ↳ **PARTIDO NACIONAL FASCISTA** → Reforzo da posición de Mussolini (DUCE).
- Penetración na sociedade → Creación de organizacións auxiliares do Partido:
 - * Asociacións en todos os tramos educativos.
 - * Sindicatos locais que formarán a **Confederación Nacional de Corporacións Sindicais**.
- Crise política → Gobiernos de coalición ineficaces.
 - ↳ Deriva autoritaria do liberalismo.
 - ↳ Simpatizantes: familia real, parte do exército e da Igrexa.
- 1922 → **MARCHA SOBRE ROMA**
 - ↳ Víctor Manuel III entrega o poder a Mussolini → Reforzamento do seu poder persoal.
 - Creación do **GRAN CONSELLO FASCISTA**.
 - Milicia Voluntaria para a Seguridade Nacional (antigas Camisas Negras).

3.2. A ORGANIZACIÓN DO ESTADO FASCISTA

- 1924 → Triunfo da coalición electoral dominada polos fascistas.
 - ↳ Protestas no Parlamento de MATTEOTTI ⇒ Crise política ⇒ Víctor Manuel III sostén o Goberno.
- 1925 → Comezo da **DITADURA FASCISTA**:
 - * Suspensión do Parlamento.
 - * Prohibición de todos os partidos agás o PNF.
 - * Substitución no Goberno dos ministros non fascistas.
 - * Arresto de opositores.
 - * Censura.
 - * Prohibición dos sindicatos obreiros e recoñecemento dos sindicatos fascistas.
- Depuración do Partido para impoñer unha xerarquización que consolidase a Mussolini.
- Dirixismo económico sen reforma social → Apoio da oligarquía italiana ao fascismo.
- Sistema CORPORATIVO → Harmonía entre patronos e obreiros.
 - Goberno: árbitro nos conflitos.
- División da vida económica en áreas: **CORPORACIÓNS**.
 - ↳ Deciden: condicións de traballo, salarios, prezos, programas de investimentos, produción, etc.
- 1927 → **CARTA DEL LAVORO** (Carta do Traballo).
- Política cara ao crecemento global da produtividade → Batalla da lira.
 - Batalla do trigo.
 - Batalla dos nacementos.
- Obras públicas para frear o paro.
- Década de 1930 → Consecuencias da crise
 - ↳ Máis intervención do Estado {
 - Decrece o consumo.
 - Creación de institucións para axudar ás empresas (IRI).
 - Proteccionismo.
 - Fabricación de armamento.
- TOTALITARISMO INCOMPLETO OU IMPERFECTO → O réxime baseouse en pactos e compromisos con outros centros de poder que continuaron cunha posición autónoma: monarquía, exército, Igrexa, industria...
- Poder absoluto e unipersoal → Coexistencia de antigas institucións decorativas (Monarquía, Igrexa).
- Política de acercamento ao Vaticano → **PACTOS DE LETRÁN** (1929).
 - Recoñecemento mutuo do Vaticano e o Estado italiano.
 - Indemnización ao Vaticano pola perda dos Estados Pontificios.
 - Independencia da Igrexa.
 - Ensino obrigatorio da relixión católica.

3.3. POLÍTICA EXTERIOR E FIN DO FASCISMO

- Irredentismo → Dirección da expansión: Balcáns.
- Expansión en África → Libia (1922-23), Abisinia (1935-36) ⇒ Sancións da SDN.
- Pactos contra Alemaña ⇒ Fronte de Stressa (1935): Italia, Francia, Gran Bretaña.
- 1936: EIXE ROMA-BERLÍN.
- 1937: Italia súmase ao PACTO ANTIKOMINTERN (1936: Alemaña, Xapón).
- 1939: EIXE ROMA-BERLÍN-TOKIO.
- SGM ⇒ Derrotas ⇒ Afundimento do réxime
 - 1943: Rendición de Italia.
 - República de Saló (protección de Alemaña).
 - ↳ 1945: Fuxida de Mussolini (Executado por partisanos)

4. A ALEMAÑA NAZI

4.1. ORIXES DO NAZISMO

- Munich → Asociacións racistas e nacionalistas.
- 1904: DAP (Partido Alemán dos Traballadores).
- 1919: Hitler afíliase ao DAP.
 - Loita contra o Tratado de Versalles.
 - Formación da “Gran Alemaña” e teoría do “**espazo vital**”.
 - **Racismo** e antisemitismo.
 - Rearme.
- 1920: Redacción dos **25 PUNTOS**
 - SA – Grupos paramilitares dirixidos por Röhm.
 - Facción esquerdista partidaria de nacionalizacións (Strasser).
 - SS – Grupo de elite creado por Hitler dirixido por Himmler.
- 1921: Hitler xefe do DAP:
 - ↳ Cambio de nome: **PARTIDO OBRERO NACIONALSOCIALISTA ALEMÁN (NSDAP)**.
 - ↳ Novo emblema.
 - ↳ Creación das Seccións de Asalto (SA) uniformadas → loita nas rúas.
 - violencia.
- Voceiro do Partido: *O Observador do Pobo (Volkischer Beobachter)*.
- **1923: PUTSCH DA CERVEXERÍA** → Fracaso → Prisión: **MEIN KAMPF**.
- Particularidades do Nazismo
 - Espazo vital.
 - Racismo.

4.2. ASCENSO DOS NAZIS AO PODER

- Importancia da crise de 1929 ⇒ Crise política.
- Radicalización da dereita → Afastamento dos socialistas do goberno.
 - Ascenso dos nacionalsocialistas polo apoio conservador a Hitler.
- 1932 → Dimisión do chanceler Brüning e comezo de gobernos autoritarios e presidencialistas.
 - Hindenburg reelixido presidente co apoio da dereita moderada e dos socialdemócratas.
 - 13 millóns de votos para os nazis (2ª forza).
 - Von Papen chanceler ⇒ Invitación a Hitler a participar no goberno (rexeita).
- 1933 → Rivalidade das dereitas no goberno ⇒ Hindenburg e Von Papen elevan a Hitler a chanceler.
- Hitler presidente do Goberno (Presidente da República: HINDENBURG).
 - ↳ Anulación da oposición parlamentaria.
 - ↳ Creación dunha policía política (**GESTAPO**) → HIMMLER.
- Incendio do Reichstag → Prohibición do PC.
 - Suspensión das liberdades individuais.
- Maioría (non absoluta) dos nazis nas eleccións de 1933.
 - ↳ III-1933 → *Lei de Plenos Poderes* ⇒ Goberno por decreto.
 - ↳ *Lei de reorganización da burocracia* ⇒ Cese dos funcionarios non arios ou contrarios ao réxime.
- Eliminación de partidos e sindicatos → NSDAP partido único.
 - Fronte Alemán do Traballo (DAF).
- Depuración do propio Partido Nazi → **Noite dos Coitelos Longos (1934)** ⇒ Eliminación das SA.

4.3. HITLER NO PODER: A DITADURA NAZI

- **1934** → Hitler Xefe de Estado e Xefe de Goberno ⇒ **III REICH**.
- Control policíaco da poboación.
- **Adoutramento e propaganda**
 - ✓ Censura ao servizo da propaganda nazi en medios de comunicación, literatura, arte, teatro, etc.
 - ✓ Adoutramento e control ideolóxico.
 - ✓ Culto ao líder (*führer*).
 - ✓ Encadramento dos individuos en organizacións nazis desde a infancia ⇒ Control da educación.
- **Racismo e antisemitismo**
 - ⊗ Obxectivo: pureza racial ⇒ eliminación de razas consideradas inferiores, enfermos, homosexuais.
 - ⊗ Persecucións contra os xudeus → Leis de Nuremberg (1935): fin dos dereitos como cidadáns alemáns.
 - **Noite dos Cristais Rotos (1938)**.
 - Deportacións e campos de concentración.
 - ↳ SGM → “Solución final”.
- **Dirixismo económico**
 - 1934-36 → Reactivación económica.
 - Impulso ao comercio exterior controlado.

- Obras públicas.
 - 1936 → Autarquía.
 - Illamento financeiro e comercial.
 - Rearme.
 - Control de prezos e salarios.
 - Inicio dos sacrificios: alongamento da xornada laboral, racionamento.
 - Beneficiarios ⇒ burguesía financeira e comercial.
 - Clase traballadora → Recorte de dereitos.
 - Descenso do paro –que reduce os descontentos-
 - Apoios ao réxime → Clases medias e campesiños.
 - Problemas → Falta de materias primas estratéxicas. }
 - Reducido mercado interno.
- ⇒ Expansionismo ⇒ **Guerra**